

CURRÍCULO

Educación secundaria obligatoria

1º

Lingua Castelá e
Literatura



XUNTA
DE GALICIA

1. Lingua Castelá e Literatura

1.1 Introducción

O eixe do currículo de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes ámbitos.

A finalidade da materia de Lingua Castelá e Literatura oriéntase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade dos dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, co fin de promover a práctica dunha cidadanía sensibilizada, informada e comprometida.

Os obxectivos de Lingua Castelá e Literatura na educación secundaria obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos acadados na educación primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, ademais diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

O primeiro dos obxectivos da materia oriéntase ao recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de apreciación á devandita diversidade, de combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral, o cuarto coa comprensión lectora e o quinto coa expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de maneira case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques

comunicativos subliñan a necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o sétimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma como guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todas eles.

Para cada obxectivo fórmulanse criterios de avaliación que establecen o nivel de desempeño esperado na súa adquisición. Estes criterios teñen un claro enfoque competencial e atenden tanto aos procesos como aos produtos, o que reclama o uso de ferramentas e instrumentos de avaliación variados e con capacidade diagnóstica e de mellora. Espérase que o alumnado sexa quen de activar os coñecementos en situacións comunicativas reais propias dos diferentes ámbitos. De aí a importancia de vertebrar a programación didáctica e o traballo na aula arredor dun conxunto de situacións de aprendizaxe contextualizadas, significativas e relevantes, atendendo á súa gradación e complementariedade, para que ao termo de cada curso consiga traballar de maneira proporcionada todos os contidos incluídos no currículo. É fundamental o traballo coordinado con outras materias do currículo, especialmente do ámbito lingüístico, debido ao emprego común dos distintos xéneros discursivos.

Dado o enfoque inequivocamente global e competencial da educación lingüística, a gradación entre cursos non se establece tanto mediante a distribución diferenciada de saberes senón en función da maior ou menor complexidade dos textos, das habilidades de produción ou interpretación requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía conferido aos estudantes. Por iso, tanto os contidos como os criterios de avaliación gardan paralelismo nos diferentes cursos.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», correspóndese de maneira directa co primeiro obxectivo. O segundo e o terceiro, relativos á comunicación, integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional, audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de produción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunhas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes.

O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico a partir da formulación de hipóteses, procura de contraexemplos, establecemento de xeneralizacións e contraste entre linguas, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas. A ollada á lingua como sistema non debe ser, polo tanto, un coñecemento dado, senón un saber que as alumnas e os alumnos van construíndo ao longo da etapa a partir de preguntas ou de problemas que fan emerxer a reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

1.2 Obxectivos

Obxectivos da materia
<p>OBX1. Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ A diversidade lingüística constitúe unha característica fundamental de España, onde se falan varias linguas e os seus respectivos dialectos. Ademais diso, nas nosas aulas conviven persoas que utilizan variedades dialectais diferentes da lingua ou linguas de aprendizaxe, incluídas as de signos. As clases de linguas han de acoller esta diversidade lingüística do alumnado non soamente para evitar os prexuízos lingüísticos e abrazar os significados culturais que comporta tal riqueza de códigos verbais, senón para profundar tamén no coñecemento do funcionamento das linguas e das súas variedades. Do que se trata, polo tanto, é de convidar a coñecer a orixe e o desenvolvemento tanto histórico como sociolingüístico das linguas de España e proporcionarlle ao alumnado algunhas nocións básicas destas e doutras linguas presentes na contorna, así como familiarizalo coa existencia das linguas de signos. ▪ O español ou castelán é unha lingua universal e policéntrica, cunha enorme diversidade dialectal. Ningunha das súas variedades xeográficas ha de ser considerada máis correcta ca outra. É preciso, polo tanto, que o alumnado aprenda a distinguir as características que obedecen á diversidade xeográfica das linguas doutros trazos relacionados co sociolecto ou cos diversos rexistros cos que un falante se adecúa ás distintas situacións comunicativas. Todo iso coa finalidade última de promover o exercicio dunha cidadanía sensibilizada, informada e comprometida cos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.
<p>OBX2. Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Desenvolver as estratexias de comprensión oral implica entender que a comunicación é un constante proceso de interpretación de intencións en que entran en xogo o coñecemento compartido entre o emisor e o receptor, así como todos aqueles elementos contextuais e cotextuais que permiten ir máis alá do significado do texto e



interpretar o seu sentido. Se ata hai relativamente pouco a comunicación oral era sempre de carácter síncrono, as tecnoloxías da información e da comunicación ampliaron as posibilidades da comunicación asíncrona e abriron o acceso desde o centro educativo a ámbitos comunicativos de carácter público. A escola debe incorporar innumerables prácticas discursivas propias de diferentes ámbitos que sexan significativas para o alumnado e que aborden temas de relevancia social.

- A comprensión e a interpretación de mensaxes orais require destrezas específicas que han de ser tamén obxecto de ensinanza e de aprendizaxe, desde as máis básicas —anticipar o contido, reter información relevante en función do propio obxectivo, distinguir entre feitos e opinións ou captar o sentido global e a relación entre as partes do discurso—, ata as máis avanzadas —identificar a intención do emisor, analizar procedementos retóricos, detectar falacias argumentativas ou valorar a fiabilidade, a forma e o contido do texto—. No ámbito social, o desenvolvemento escolar das habilidades de interpretación das mensaxes orais debe ter en conta a profusión de textos de carácter multimodal que reclaman unha específica alfabetización audiovisual e mediática para lles facer fronte aos riscos de manipulación e desinformación.

OBX3. Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.

- O desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado pasa necesariamente pola atención aos usos orais, que deben ser tanto vehículo de aprendizaxe como obxecto de coñecemento. As clases de lingua e literatura han de ofrecer contextos diversificados e significativos onde o alumnado poida conversar cos seus iguais en diálogos pedagoxicamente orientados, de maneira que se estimule a construción de coñecementos que fagan posible a reflexión sobre os usos formais e informais, espontáneos e planificados.
- A interacción oral require coñecer as estratexias para tomar e ceder a palabra, despreñar actitudes de escoita activa, expresarse con fluidez e claridade e co ton e rexistro adecuados, así como pór en xogo os principios de cortesía lingüística e de cooperación conversacional. A produción oral de carácter formal, monologada ou dialogada, ofrece marxe para a planificación e comparte, polo tanto, estratexias co proceso de escritura. Atendendo á situación comunicativa, formal ou informal, a relación entre os interlocutores, o propósito comunicativo e a canle, os xéneros discursivos —moldes en que cristalizaron as prácticas comunicativas propias dos diferentes ámbitos— ofrecen pautas para estruturar o discurso e para adecuar o rexistro e o comportamento non verbal. As tecnoloxías da información e da comunicación facilitan novos formatos para a comunicación oral multimodal, tanto síncrona como asíncrona, e favorecen tamén o rexistro das achegas orais do alumnado para a súa difusión en contextos reais e a súa posterior análise e revisión.

OBX4. Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.

- Desenvolver a competencia lectora implica incidir na motivación, no compromiso, nas prácticas de lectura e no coñecemento e uso das estratexias que deben despreñarse antes, durante e despois deste proceso, co fin de que os alumnos e as alumnas se convertan en lectores competentes e autónomos ante todo tipo de textos, de que



saiban avaliar a súa calidade e fiabilidade e de que atopen neles a resposta aos diferentes propósitos de lectura en todos os ámbitos da súa vida.

- Comprender un texto implica captar o seu sentido global e a información máis relevante en función do propósito de lectura, integrar a información explícita e realizar as inferencias necesarias que permitan reconstruír a relación entre as súas partes, formular hipóteses acerca da intención comunicativa que subxace neses textos e reflexionar sobre a súa forma e o seu contido. Para iso, convén acompañar os procesos lectores do alumnado de maneira detida na aula, tendo en conta que a alfabetización do século XXI pasa necesariamente pola ensinanza da lectura dos hipertextos de Internet. As clases de lingua han de diversificar os ámbitos aos que pertencen os textos escritos e crear contextos significativos para o traballo na aula, procurando a gradación e a complementariedade na complexidade destes (extensión, estrutura, linguaxe, tema etc.) e das tarefas propostas. Faise aquí imprescindible o traballo coordinado con outras materias do currículo, dada a especificidade dos xéneros discursivos asociados a cada área de coñecemento, así como coas outras linguas curriculares, especialmente coa lingua cooficial.

OBX5. Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.

- Saber escribir hoxe significa saber facelo en diferentes soportes e formatos, moitos deles de carácter hipertextual e multimodal, e require o coñecemento e apropiación dos «moldes» en que cristalizaron as prácticas comunicativas escritas propias dos diferentes ámbitos de uso: os xéneros discursivos. De aí que o ensino e a aprendizaxe da escritura reclame unha coidadosa e sostida intervención na aula. A elaboración dun texto escrito é froito, mesmo nas súas formas máis espontáneas, dun proceso que ten polo menos catro momentos: a planificación —determinación do propósito comunicativo e do destinatario, xunto coa análise da situación comunicativa, alén da lectura e da análise de modelos—, a redacción e a revisión —que pode ser autónoma, mais tamén compartida con outros e outras estudantes ou guiada polo profesorado— e a edición do texto final.
- No eido educativo, porase a énfase nos usos da escritura para a toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais ou resumos e na elaboración de textos de carácter académico. A composición do discurso escrito ha de atender tanto á selección e organización da información (coherencia), á relación entre as súas partes e ás súas marcas lingüísticas (cohesión) e á elección do rexistro (adecuación) como á corrección gramatical e ortográfica e á propiedade léxica. Require tamén adoptar decisións sobre o ton do escrito, a inscrición das persoas (emisora e destinatarias) e a linguaxe e o estilo, polo que a vinculación entre a reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua e a súa proxección nos usos é inseparable.

OBX6. Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.

- O acceso á información non garante por si mesmo o coñecemento, entendido como principio estruturador da sociedade moderna e como ferramenta esencial para facer fronte aos retos do século XXI. Por iso, é imprescindible que o alumnado adquira habilidades e destrezas para transformar a información en coñecemento, identificándoa, xestionándoa, avaliándoa e comunicándoa. É necesario adoptar un punto de vista crítico e persoal e evidenciar unha actitude ética e responsable tanto coa propiedade intelectual como coa identidade dixital.



- Débese procurar que o alumnado, individualmente ou de forma colectiva, consulte fontes de información variadas en contextos sociais ou académicos para a realización de traballos ou proxectos de investigación, ben sobre temas do currículo ou ben ao redor de aspectos importantes da actualidade social, científica ou cultural. Estes procesos de investigación deben tender á abordaxe progresivamente autónoma da súa planificación e ao respecto ás convencións establecidas na presentación das producións propias coas que se divulga o coñecemento adquirido: organización en epígrafes; procedementos de citas, notas, bibliografía e webgrafía; combinación axustada de diferentes códigos comunicativos nas mensaxes multimodais etc. É imprescindible tamén o desenvolvemento da creatividade e a adecuación ao contexto na difusión da súa nova aprendizaxe. A biblioteca escolar, entendida como un espazo creativo de aprendizaxe e como centro neuráxico de recursos, formación e coordinación, será un ámbito ideal para acadar este obxectivo.

OBX7. Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.

- Desenvolver este obxectivo implica percorrer un camiño de progreso planificado que pasa pola dedicación dun tempo periódico e constante de lectura individual, acompañado de estratexias e engrenaxes adecuadas para configurar a autonomía e a identidade lectora que se desenvolverá ao longo de toda a vida.
- É esencial a configuración dun corpus de textos adecuado, formado por obras de calidade que posibiliten tanto a lectura autónoma coma o enriquecemento da experiencia persoal da lectura e que inclúa o contacto con formas literarias actuais impresas e dixitais, así como con prácticas culturais emerxentes. Alén diso, é recomendable traballar para configurar unha comunidade de lectores con referentes compartidos e establecer estratexias que axuden a cada lector ou lectora a seleccionar os textos do seu interese, a apropiarse deles e a compartir a súa experiencia persoal de lectura, deseñando contextos en que aparezan motivos para ler que partan de retos de indagación sobre as obras e que propoñan maneiras de vincular afectivamente os lectores e as lectoras cos textos. A medida que o obxectivo se vaia afianzando, será posible reducir progresivamente o acompañamento docente e establecer relacións entre lecturas máis ou menos complexas, combinando a modalidade autónoma coa modalidade guiada.

OBX8. Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.

- Este obxectivo ten que facilitar o tránsito desde unha lectura identificativa ou argumental das obras a outra máis consciente e elaborada que abra as portas a textos inicialmente afastados da experiencia inmediata do alumnado. Para iso, é necesario desenvolver habilidades de interpretación que favorezan o acceso a obras cada vez máis complexas, a verbalización de xuízos de valor máis argumentados e a construción dun mapa cultural que conxugue os horizontes nacionais cos europeos e universais e as obras literarias con outras manifestacións artísticas. Constatar a pervivencia de tópicos temáticos e formais que atravesan épocas e contextos culturais implica privilexiar un enfoque intertextual.



- Dous son os eixes propostos para o desenvolvemento deste obxectivo. En primeiro lugar, a lectura guiada e compartida na aula de obras que presenten unha certa resistencia para o alumnado, mais que permitan, coa mediación docente, non só o seu gozo senón tamén a apropiación dos seus elementos relevantes. En segundo lugar, a inscrición desas obras en itinerarios temáticos ou de xénero integrados por textos literarios e non literarios de diferentes épocas e contextos, cuxa lectura comparada atenda á evolución dos temas, tópicos e formas estéticas e axude a establecer vínculos entre o horizonte de produción e o horizonte actual de recepción. O deseño de itinerarios nos que debe haber unha representación de autoras e autores reclama unha planificación consensuada ao longo da etapa para asegurar a progresión e a complementariedade necesarias que permitan a adquisición gradual das competencias interpretativas.

OBX9. Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.

- Para que sexa útil o estudo sistemático da lingua, debe promover, por un lado, a competencia metalingüística do alumnado, quere dicir, a súa capacidade de razoamento, argumentación, observación e análise e, por outro, ha de estar vinculado aos usos reais propios dos falantes, mediante textos orais, escritos e multimodais contextualizados. A reflexión metalingüística debe partir do coñecemento intuitivo do alumnado como usuario da lingua e establecer pontes co coñecemento sistemático desde idades temperás, primeiro cunha linguaxe común, máis próxima á realidade do escolar, para despois ir introducindo de maneira progresiva a terminoloxía específica. Alén diso, debe integrar os niveis fonético-fonolóxico, morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.
- Trátase, xa que logo, de abordar o coñecemento da gramática como un proceso sostido ao longo da etapa, no que o relevante non é tanto a aprendizaxe de taxonomías como a reflexión arredor do sistema lingüístico e a formulación inductiva —e, polo tanto, provisional— de conclusións sobre este. Para iso hai que comezar coa observación do significado e da función que as formas lingüísticas adquiren no discurso para chegar á xeneralización e á sistematización a partir da observación dos enunciados, do contraste entre as oracións, da formulación de hipóteses e de regras, do uso de contraexemplos ou da conexión con outros fenómenos lingüísticos. En definitiva, preténdese estimular a reflexión metalingüística e interlingüística para que o alumnado poida pensar e falar sobre a lingua de maneira que ese coñecemento reverta nunha mellor comprensión e interpretación crítica das producións alleas.

OBX10. Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.

- Acadar este obxectivo implica non só que os estudantes sexan eficaces á hora de se comunicaren, senón que poñan as palabras ao servizo duns obxectivos que non se desentendan da inevitable dimensión ética da comunicación.
- No ámbito da comunicación persoal, a educación lingüística debe axudar a forzar relacións interpersoais baseadas na empatía e no respecto, brindando a ferramenta para a escoita activa, a comunicación asertiva, a deliberación argumentada e a resolución dialogada dos conflitos. Erradicar os usos discriminatorios e manipuladores da linguaxe, así como os abusos de poder a través da palabra, é un imperativo ético. Nos ámbitos educativo, social e



profesional, a educación lingüística debe capacitar para lograr unha cidadanía activa e comprometida na construción de sociedades máis equitativas, máis democráticas e máis responsables con relación aos grandes desafíos que como humanidade temos formulados: a sustentabilidade do planeta e a erradicación das infinitas violencias e das crecentes desigualdades.

1.3 Criterios de avaliación e contidos

Primeiro curso

Materia de Lingua Castelá e Literatura 1º curso	
Bloque 1. As linguas e os seus falantes	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA1.1. Recoñecer as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, identificando as nocións básicas das linguas, tanto de España como as que forman os repertorios lingüísticos do alumnado, e contrastando algúns do seus trazos en manifestacións orais, escritas e multimodais. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA1.2. Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA1.3. Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua e a manipulación a través da palabra, a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. 	OBX10
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística do centro. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. As linguas de España: orixe, distribución xeográfica e nocións básicas. Diferenzas entre plurilingüismo e diversidade dialectal. Iniciación á reflexión interlingüística. Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e exploración de formas de evitalos. 	
Bloque 2. Comunicación: comprensión oral e escrita	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA2.1. Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos. 	OBX2



<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.2. Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.3. Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.4. Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.5. Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.6. Localizar, seleccionar e contrastar de maneira guiada información procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos da lectura. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.7. Identificar e reparar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. 	OBX9
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.8. Explicar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando unha metalinguaxe específica. 	OBX9
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.9. Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e mais da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como os elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. 	OBX10

Contidos

- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
 - Análise das compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
 - Comprensión e análise crítica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas.
 - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.
 - Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Riscos de información interesada, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.
- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.



- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
 - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
 - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

Bloque 3. Comunicación: expresión oral e escrita

Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.1. Realizar narracións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes e utilizando de xeito eficaz recursos verbais e non verbais. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.2. Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado de xeito activo e adecuado, con actitudes de escoita activa e empregando estratexias de cooperación conversadora e cortesía lingüística. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.3. Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta, e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.4. Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.5. Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de xeito creativo adoptando un punto de vista crítico con relación aos principios de propiedade intelectual. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.6. Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.7. Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. 	OBX9
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.8. Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e para a procura de consensos, abarcando tanto o ámbito persoal como o educativo e o social. 	OBX10

Contidos



- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
 - Elaboración de textos orais tendo en conta as compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos: canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.
 - Creación de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas.
 - Participación en xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.
 - Xéneros discursivos do ámbito social: produción de textos propios das redes sociais, e dos medios de comunicación. Etiqueta dixital.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
 - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e deixar a palabra. Cooperación coloquial e cortesía lingüística. escoita activa, firmeza no discurso e resolución dialogada dos conflitos.
 - Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
 - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
 - Uso coherente das formas verbais nos textos. Os tempos de pretérito na narración. Correlación temporal no discurso relatado.
 - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
 - Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

Bloque 4. Educación literaria

Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.1. Participar de xeito activo e adecuado en interaccións orais informais con relación a obras literarias no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e co lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación coloquial e cortesía lingüística. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.2. Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos, respondendo a diferentes propósitos de lectura. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.3. Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. 	OBX4



<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.4. Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.5. Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.6. Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e paradigmas, a interpretación das obras lidas partindo da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, consono a configuración dos xéneros e subxéneros literarios. 	OBX8
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.7. Establecer, de xeito guiado, vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura. 	OBX8
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.8. Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou anacos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. 	OBX8

Contidos

- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas.
 - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
 - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
 - Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.
 - Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora.
 - Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
 - Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
 - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
 - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
 - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.



- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función dos temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e consonte a paradigmas dados (imitación, transformación, continuación etc.).

Bloque 5. Reflexión sobre a lingua

Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.1. Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.2. Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.3. Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, así como identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. 	OBX9
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.4. Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. 	OBX9
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.5. Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas. 	OBX9

Contidos

- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
 - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
 - Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).



- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e co uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

1.4 Orientacións pedagóxicas

A intervención educativa na materia de Lingua Castelá e Literatura desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7	1-4			3	1			1-2-3
OBX8	1-4					1		1-2-3-4
OBX9	1-2	2	1-2		5			

OBX10	1-5	3		3	3	1-2-3		
-------	-----	---	--	---	---	-------	--	--

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe

- O uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.
- A realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos, e deben ter en conta as vivencias particulares do alumnado (como, por exemplo, os oficios locais, as materias primas e a toponimia). Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. Por exemplo: elaboración de páxinas web, exposicións orais, dramatizacións, réplica de modelos dramáticos e transposicións do código cinematográfico ao código textual. O profesorado ten que estimular a axuda mutua e o traballo cooperativo, co que a través do diálogo e da interacción entre o alumnado se contribuírá a desenvolver a competencia para participar activamente nun equipo, a análise e a reorganización das propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.
- A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
- O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. Entre outras, a preparación de exposicións no recinto do centro educativo, a creación dun blog e a elaboración dunha revista.
- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.



- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que, alén de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.
- A coordinación da ensinanza das linguas. O traballo interdisciplinario cos departamentos lingüísticos do centro, co EDLG e co Equipo de Biblioteca constituirá un apoio importante para mellorar a adquisición de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, coa súa acción coordinada, deberán contribuír a mellorar os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas poden ser, entre outras, os clubs de lectura, os proxectos trimestrais e as traducións ou adaptacións de textos.
- A proposta de lectura de obras e fragmentos (literarios ou non) que estimulen o desexo de ampliar os ámbitos de coñecemento, que dean a coñecer aspectos clave do contexto sociocultural e que eleven o nivel de capacitación verbal do alumnado. Convén incidir na aplicación e no desenvolvemento de estratexias que potencien a expresión dos propios gustos literarios e que fomenten a creación dunha identidade lectora persoal e definida. Para logralo, sería necesario familiarizar o alumnado con mecanismos como a aclaración dos propósitos de lectura, a activación do seu coñecemento base, a atención aos contidos principais do texto, a avaliación da consistencia interna entre os contidos e os coñecementos previos e a formulación de predicións de lectura.
- As estratexias de lectura compartida para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. Entre outras: obradoiros de lectura e escritura creativa, participación ou organización dun club de lectura na aula, creación de catálogos de libros ou menús literarios, audioli-bros, mosaico de poemas, dramatizacións, creación de álbums ilustrados e coloquios literarios.
- As estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. Entre outras, creación de trípticos literarios, *booktrailers*, emprego de aplicacións compilatorias e exposicións de recensións literarias.

- A énfase nas estratexias que melloran a oralidade, co fin de que o alumnado adquira os recursos necesarios para expresarse correctamente e con eficacia nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais).
- A importancia dos mecanismos que favorecen a corrección gramatical e a ampliación do caudal léxico do alumnado, a través de actividades como a elaboración de glosarios, o recoñecemento de distintos tipos de dicionarios, así como da funcionalidade e utilidade de cada un deles, a potenciación das TIC vinculadas ao emprego de dicionarios dixitais ou a familiarización do alumnado con material didáctico integrado en espazos virtuais.